

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Intervención

Anuncio da aprobación do plan económico financeiro do Concello de Bergondo para o período 2025-2026, por incumprimento en 2024 do obxectivo de regra de gasto e da estabilidade orzamentaria

ANUNCIO

O Concello de Bergondo en Pleno na sesión que tivo lugar o 27/03/2025 adoptou o acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro, por incumprimento do obxectivo de regra de gasto e da estabilidade orzamentaria con motivo da Liquidación do exercicio orzamentario 2024, cuxa vixencia será o ano en curso e o ano 2026.

En cumprimento do previsto no artigo 26.1, do RD 1463/2007, de 2 de novembro, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o texto íntegro do Plan a efectos meramente informativos, cuxo texto se transcribe a continuación:

“PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2025-2026

CONCELLO DE BERGONDO

1) INTRODUCCIÓN. NECESIDADE DO ANTEDITO PLAN

O Orzamento xeral das entidades locais, de acordo co establecido no artigo 165.1 da Lei reguladora de Facendas Locais, segundo redacción dada pola Lei de Estabilidade Orzamentaria, deberá atender ó cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, como se conceptúa esta magnitude na Lei de estabilidade orzamentaria.

O artigo 3.1 da Lei orgánica 2/2012 dispón que a elaboración dos Orzamentos dos suxeitos comprendidos no seu ámbito de aplicación realizarase un marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. O apartado 2 dese artigo define a estabilidade orzamentaria como a situación de equilibrio ou superávit estrutural. En concreto, para as corporacións locais, o principio de estabilidade instruméntase no artigo 11.4 de modo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario, así para cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria debe manterese un equilibrio ou superávit, en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas.

Tal e como establece a normativa de aplicación, a estabilidade orzamentaria debe darse non soamente no momento da aprobación do orzamento, senón tamén durante a execución do mesmo e a súa liquidación, determinando artigo 15 que os obxectivos de estabilidade se fixarán en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Por outra banda, o artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF, en diante) establece no seu apartado primeiro que “1. La variación del gasto computable [...] de las Corporaciones Locales, no podrá superar la tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española.

No obstante, cuando exista un desequilibrio estructural en las cuentas públicas o una deuda pública superior al objetivo establecido, el crecimiento del gasto público computable se ajustará a la senda establecida en los respectivos planes económico-financieros y de reequilibrio previstos en los artículos 21 y 22 de esta ley.”

No apartado 2 do dito artigo establécese que se entenderá por gasto computable aos efectos previstos no apartado anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os xuros da débeda, o gasto non discrecional en prestacións de desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou de outras administracións públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento. No apartado 4 deste artigo 12 establécense axustes ao gasto computable así definido en atención a aumentos ou diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

O artigo 12.3 atribúe ao Ministerio de Economía y Competitividad calcular a “[...] tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto de medio plazo de la economía española, de acuerdo con la metodología utilizada por la Comisión Europea en aplicación de su normativa.” A dita taxa será obxecto de publicación no Informe de situación da economía española recollido no apartado 5 do artigo 15 da LOEPSF, e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

A taxa de referencia de crecemento do PIB para o exercicio 2024 é o 2,6%

Con ocasión da Liquidación do Orzamento correspondente ao ano 2024, aprobada por Resolución de Alcaldía 92/2025, de 5 de febreiro de 2025, a Intervención municipal emitiu informe de avaliación do cumprimento da regra de gasto, no cal se ponde manifesta que daquela Liquidación se produciu un incumprimento da Regra do Gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF, cun gasto computable total de 7.883.640,27 euros, excedendo en 384.371,50 euros o límite computable máximo, así como a existencia dun déficit de financiamento na análise da estabilidade orzamentaria en 106.348,91 euros

O artigo 21 da LOEPSF establece que en caso de incumprimento da estabilidade orzamentaria, ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financieiro que permita o cumprimento no ano en curso e no seguinte, dos obxectivos ou da regra de gasto, debendo ser elaborado o citado Plan no prazo dun mes dende que se constate o incumprimento, debendo proceder á súa aprobación no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación e a súa posta en marcha non pode ser superior a tres meses desde que se constate o incumprimento. Daráselle a mesma publicidade que a establecida pola lei para os Orzamentos Municipais.

Unha vez aprobado, deberáse remitir ó Ministerio de Hacienda, a través da aplicación de captura habilitada ó efecto na Oficina virtual para a Coordinación Financiera coas Entidades Locales. O Ministerio dará publicidade ó Plan Económico Financeiro (PEF) e á adopción de medidas aprobadas cun seguemento do impacto que supoñan as mesmas.

2) CONTIDO E TRAMITACIÓN

Segundo o establecido no apartado 2 do artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

- a)Causas do incumprimento do obxectivo establecido e, no seu caso, da regra do gasto.
- b)As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c)A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, indicando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d)As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan ditas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e)Análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ao contido mínimo que se acaba de indicar hai que engadir o contido establecido no apartado 2 do artigo 9 da Orde HAP/2105/2012 recollido nos seguintes termos:

- a)As medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas, sinalando a data da súa implementación, que deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas.
- b)A estimación e xustificación dos axustes de contabilidade nacional e a coherencia co límite de gasto non financeiro calculado na forma que establece a regra do gasto.
- c)A evolución da débeda, o cumprimento do límite de débeda, as magnitudes de aforro bruto e neto, a estimación de saldos de tesourería, o exceso de financiamento afectado e o remanente de tesourería para gastos xerais.

A Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locales, para facilitar a elaboración e remisión dos Plans Económico Financeiros (PEF) segundo o disposto no artigo 5 da Orde HAP/2015/2012, introduce un modelo único e normalizado de PEF para a Administración Local. Así, as Corporacións Locais poderán facer unha diagnose e alcanzar os obxectivos da normativa de estabilidade orzamentaria mediante a elaboración e aprobación dun PEF, garantizando o contido dos artigos citados anteriormente.

3) AVALIACIÓN CUMPRIMENTO OBXECTIVOS DA LOEPSF
3.1) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Cap 1 a 7 ingresos	9.803.445,57 €
Cap 1 a 7 gastos	9.884.541,22 €
Capacidade de financiamento	-81.095,65 €
Axustes por gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar o orzamento ao Orzamento de gastos (+ déficit)	-21.223,21 €
Axustes ingresos capítulo 3 (+ déficit)	-4.030,05€
Total capacidade de financiamento	-106.348,91 €

O concello de Bergondo incumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento de 2024

3.2) REGRA DE GASTO

Créditos liquidación orzamento 2024 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	9.884.541,22
Gastos financiados con fondos finalistas	-2.072.124,16
Gastos pendientes de aplicar	+21.223,21
Gasto computable ano 2024	7.833.640,27 €

Límite regra de gasto ano 2023: Gasto computable 2023* 2,6% da taxa de referencia, máis os 338.034,73 euros por aumentos de recadación, fan que o límite de regra de gasto sexa de 7.449.268,77 euros.

Tendo en conta que o gasto computable resultante da liquidación de 2024 ascende a 7.883.640,27 euros, incúmprese a regra de gasto en 384.371,50 euros

3.3) SOSTIBILIDADE FINANCEIRA

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ó establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación que o artigo 13 da LOEOSF realiza do principio de sostibilidade financeira se materializa na obriga para as entidaes locais de non superar un límite para a débeda pública.

O Concello de Bergondo, non ten endebedamento, polo que o seu importe de débeda viva e 0 euros.

3.4) SOSTIBILIDADE DE DÉBEDA COMERCIAL

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade da débeda comercial que o periodo medio de pagamento aos provedores (PMP), non supere o prazo máximo de 30 días previsto na normativa sobre morosidade.

Ratio operacións pagadas: 7,27 días

Importe pagos realizados: 1.697.942,20 euros

PMP: 7,27 euros

Este é o periodo medio de pago correspondente ó derradeiro trimestre do ano 2024, obtido do programa contable municipal, inferior ao establecido na normativa sobre morosidade, polo que se cumpre a sostibilidade da débeda comercial.

3.5) CONCLUSIÓN

O Concello de Bergondo cumpre os obxectivos da LOEPSF de sostibilidade financeira e da débeda comercial, e incumpre os obxectivos da LOEPSF de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

4) DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL DA SITUACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA DO CONCELLO

INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)					GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS)				
CAP	Denom	DRN22	DRN23	DRN24	CAP	Denom	ORN22	ORN23	ORN24
1	Imp directos	3.273.330,12	3.290.133,63	3.683.437,85	1	Persoal	2.156.046,28	2.202.461,94	2.338.771,66
2	Imp indirectos	130.110,12	91.502,77	93.431,55	2	Bens correntes	4.281.112,94	4.038.828,89	4.268.388,33
3	Taxas e outros ing	1.413.716,67	1.592.489,89	1.690.267,86	3	Financ			
4	Transf correntes	3.192.150,97	3.199.775,92	3.715.346,10	4	Transf correntes	244.432,64	248.397,52	322.496,18
5	Ing patrimon	51.145,09	53.374,47	204.821,35	5				
6	Enaxenac Inv				6	Inv reais	2.119.087,44	1.916.398,01	2.954.885,05
7	Transf capital	1.232.402,14	2.150.322,51	416.340,86	7	Tranf capital	34.200,00		
	TOTAL	9.293.154,77	10.377.599,19	9.803.445,57		TOTAL	8.834.879,30	8.406.086,36	9.884.541,22

RESULTADO ORZAMENTARIO	2022	2023	2024
Dereitos recoñecidos netos	9.297.035,50	10.380.247,09	9.805.822,05
Obrigas recoñecidas netos	-8.839.859,38	-8.406.086,36	-9.890.565,24
Resultado Orzamentario	1.247.088,67	1.974.160,73	-84.743,19
Créditos gastados financiados con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	1.779.505,08	1.286.139,60	1.961.146,72
Desviacións de financiación negativas do exercicio	386.825,87	276.341,78	814.588,96
Desviacións de financiación positivas do exercicio	-1.313.721,53	-1.855.909,49	-201.275,74
Resultado Orzamentaria Axustado	1.309.785,54	1.680.732,62	2.489.716,75

O resultado orzamentario relaciona, de xeito global, os gastos e os ingresos permitindo concluir ata qué punto estes se materializaron en recursos para financiar a actividade municipal do exercicio económico. Un resultado orzamentario positivo pon de manifesto (máxime cando é continuado no tempo, como acontece no caso do Concello de Bergondo) que se orzamentou correctamente e que os orzamentos foron executados consonte as previsións

REMANENTE DE TESOURERÍA	2022	2023	2024
Fondos líquidos	6.936.309,14	8.918.585,21	8.883.450,25
Dereitos pendentes de cobro	160.661,34	94.029,79	98.596,70
Obrigas pendentes de pago	-430.674,28	-391.285,74	-445.435,07
Cobros realizados pendentes de aplicación	-19.186,06	-0,14	
Pagos realizados pendentes de aplicación	84,20	25,95	
Remanente de Tesourería Total	6.647.194,34	8.621.355,07	8.536.611,88
Saldos de dubidoso cobro		5,11	18,17
Exceso de financiación afectada	48.272,16	465.836,78	26.892,01
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	6.598.922,18	8.155.513,18	8.509.701,70
Obrigas pendentes de aplicar a 31 de decembro	-46.640,72	-30257,54	-51.480,75
Remanente de Tesourería para Gastos Xerais Axustado	6.552.281,46	8.125.255,64	8.458.220,95

O Remanente de tesourería reflexa a situación de liquidez da entidade ó peche do exercicio, que se atopa disponible para financiar gastos, resultando un indicador moi importante para valorar a solvencia financeira a curto prazo da Entidade local, constitúe unha variable esencial para conocer a situación financeira dunha administración pública a curto prazo.

AFORRO BRUTO	2024
Ingresos liquidados capítulos 1 a 5	9.387.102,70
Gastos capítulos 1, 2 e 4	6.929.656,17
Gastos capítulos 1, 2 e 4 financiados con RTGX	266.643,78
AFORRO BRUTO	2.190.802,75

AFORRO NETO	2024
Aforro Bruto	2.190.802,75
Anualidade teórica de amortización	0
Avais a terceiros pendentes de reembolsar	0
AFORRO NETO	2.190.802,75

O aforro bruto indica a capacidade inversora municipal (ven determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes) e o aforro neto amosa a capacidade xerada ao longo da execución orzamentaria para facer fronte, con recursos ordinarios, aos gastos correntes e á carga financeira.

Estes parámetros poñen de manifesto a situación económica do Concello, dan unha imaxe do saneamento xeral da entidade e contribúen a acreditar que, mentres se manteñan estas circunstancias e os criterios xerais de racionalidade do gasto, non se porá en risco o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública recollidos nas proxeccións de débeda e capacidade de financiamento para os vindeiros anos, incluídos no último marco orzamentario aprobado.

5) CAUSAS DO INCUMPRIMENTO

Da análise de todo o anterior, conclúese que o incumprimento da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación de 2024, débese o seguinte:

5.1) A porcentaxe da execución do orzamento vai sendo cada vez máis superior, tendo en conta o incremento do orzamento municipal o longo dos anos.

5.2) A utilización no exercicio 2024, do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais que incidiu negativamente no cumprimento da regra de gasto. Dado que o seu emprego ascendeu a 1.961.146,72 euros, de poder minorar a súa contía sobre o gasto computable de 2024 e sobre as obrigas recoñecidas netas, cumpriríamos tanto regra de gasto como estabilidade orzamentaria, emáis aínda, conxugando ambas magnitudes, poderíamos ter empregado remanente de tesourería por importe de 1.576.775,22 euros e liquidaríamos o exercicio con cumprimento.

Polo que se pode considerar acreditado que a causa do incumprimento da regra de gasto na liquidación de 2024 é unha porcentaxe de execución do orzamento axustada á realidade do Concello de Bergondo, tendo en conta os ingresos recadados e o emprego do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, sobre todo no expediente de incorporación de remanentes, que por outra banda implica á incorporación de gastos comprometidos, contratos adxudicados, sobre os que o Concello ten unha responsabilidade e modificación orzamentaria prevista na Lei reguladora das Facendas Locais.

No relativo á financiación de gastos nun determinado exercicio con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado, a IGAE contestou á asociación "COSITAL NETWORK" que A Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local considera que neste caso non procede efectuar ningún axuste na Regra do Gasto, de xeito que os gastos así financiados considéranse gasto computable a tódolos efectos. Tamén considera neste caso, que "El remanente de tesorería, aun cuando se configura contablemente como un activo financiero, su naturaleza se identificaría con el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio como consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado como fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo.

En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto."

En relación coas medidas a adoptar, na mesma contestación, a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local indica que "Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita." Tamén pon de manifesto que "Sobre la base de lo expuesto, cabe afirmar que la recuperación de los objetivos de estabilidad presupuestaria y, en su caso, de la regla de gasto, incumplidos por la utilización del remanente de tesorería afectado se lograría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna dada la naturaleza del remanente de tesorería afectado en el ámbito de la Administración local. En ese contexto, la entidad local deberá elaborar y aprobar un plan económico financiero que se podrá limitar a exponer el origen del desequilibrio en términos de contabilidad nacional y a recoger aquella medida."

Se ben é certo que a contestación indicada se refire ao financiamento de gastos a través de Remanente de tesourería afectado, as apreciacións postas de manifesto anteriormente no relativo a que o Remanente de Tesourería se pode entender como un aforro da entidade, son igualmente predicables do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais. A única diferenza é que a utilización deste remanente é de carácter voluntario, mentres que a incorporación de remanentes para gastos con financiamento afectado é obrigatorio por establecelo así o artigo 47 do RD 500/1990. Pero constitúe a expresión dunha capacidade financeira para atender maiores gastos no exercicio seguinte e carece da natureza de gasto estrutural para esta Administración.

Ter en conta ademáis que a pesar do incumprimento posto de manifesto e o emprego do remanente de tesourería nos diferentes exercicios, esta magnitude segue incrementándose, o mesmo que acontece co resultado orzamentario, polo que a situación financeira do Concello en ningún caso pode considerarse comprometida.

6) PREVISIÓN TENDENCIAL

A proxección sen adopción de medidas nos exercicios 2025 e 2026 sería a seguinte cos datos obrantes nas dependencias municipais e as modificacións orzamentarias realizadas e estimadas:

EXERCICIO 2025

CÁLCULO CUMPRIMENTO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

ESTIMACIÓN LIQUIDACIÓN EXERCICIO 2025

GASTOS 2025

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Total
1	2.539.786,47	19.556,24	2.559.342,71
2	5.269.129,11	371.389,07	5.640.518,18
3	0,00		
4	346.018,96	2.904,00	348.922,96
6	1.236.817,79	2.450.485,21	3.687.303,00
7	0,00		
8	22.000,00		22.000,00
TOTAL	9.413.752,33	2.844.334,52	12.258.086,85

INGRESOS 2025

Capítulo	Previsión inicial	Modificacións	Total
1	3.658.502,43		3.658.502,43
2	100.000,00		100.000,00
3	1.701.064,31		1.701.064,31
4	3.175.072,82	38.506,30	3.213.579,12
5	212.074,96		212.074,96
7	545.037,81	597.729,22	1.142.767,03
8	22.000,00	2.208.099,00	2.230.099,00
TOTAL	9.413.752,33	2.844.334,52	12.258.086,85

As modificacións consignadas correspóndense ó expediente de incorporación de remanentes realizado, con respecto a esto manifestar que é o expediente onde menos remanente de tesourería para gastos xerais se emprega dos tres últimos exercicios.

2018, remanente empregado 2.358.171,90 euros

2024, remanente empregado 2.972.046,03 euros

2020, remanente empregado 2.181.206,99 euros

O que implica que a parte restante se financia con compromisos de ingresos, que se materializarán en máis dereitos recoñecidos, que aumentarán a capacidade de financiación e polo tanto a estabilidade orzamentaria e con respecto a regra de gasto, minorarán o gasto computable ó ser gastos financiados por outras Administracións Públicas ou con remanente de tesourería para gastos con financiación afectada (incorporación de carácter obrigatorio por ter afecta financiación)

Das liquidacións dos últimos tres exercicios obtemos a seguinte porcentaxe de execución de gasto relacionando consignacións definitivas e obrigas recoñecidas netas dos gastos non financeiros.

Exercicio	Consignación definitiva	Obrigas recoñecidas netas	Porcentaxe de execución
2022	12.694.480,88	8.834.879,30	+/- 70%
2023	13.497.296,71	8.406.086,36	+/- 62%
2024	14.555.894,23	9.884.541,22	+/- 68%

Polo que seguindo a liña da media na porcentaxe de execución dos tres derradeiros exercicios e establecendo marxe na porcentaxe de execución, estimando un 73%, as obrigas recoñecidas netas do exercicio 2025 ascenderían tendo en conta un aumento nas previsións definitivas por posibles modificacións orzamentarias que poidan ser necesarias para o bo funcionamento dos servizos municipais

Polo que:

GASTOS

Exercicio	Consignación definitiva (estimación de novas modificación necesarias, por importe de 1.200.000 euros)	Obrigas recoñecidas netas previstas a 31/12/2020 estimando un 73% de execución, cap 1 a 7
2025	13.236.086,85	9.808.343,40

Con respecto ós ingresos, tendo en conta a execución dos mesmos na última liquidación e facendo unha estimación da recadación dos compromisos de ingresos procedentes de modificación, cunha porcentaxe de previsión do 73%, no mesmo grao que a execución de gastos, (estimando que todas as modificacións que se realicen sexan con cargo ó Remanente de Tesourería para gastos xerais) obtemos o seguinte:

Capítulo	DRN 2025	Estimación recadación Modificacións 73%	Total dereitos recoñecidos netos estimados
1	3.683.437,85		3.683.437,85
2	93.431,55		93.431,55
3	1.690.267,86		1.690.267,86
4	3.715.346,10	28.109,60	3.743.455,70
5	204.821,35		204.821,35
7	416.340,86	436.342,33	852.792,79
TOTAL	9.803.445,57	464.451,93	10.267.897,50

Polo que:

Estabilidade Orzamentaria	Caps 1 a 7 de ingresos	Caps 1 a 7 de gastos	Axustes SEC (Estímanse os mesmos que para o 2024)	Necesidade/Capacidade de financiamento
2025	10.267.897,50	9.808.343,40	-21.223,21	438.330,89

No exercicio de 2025 cumpríriase o obxectivo de estabilidade orzamentaria do Concello de Bergondo.

CÁLCULO CUMPRIMENTO REGRA DE GASTO

Créditos liquidación orzamento 2024 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	9.884.541,22
Gastos financiados con fondos finalistas	(- 2.072.124,16)
Gastos pendientes de aplicar	21.223,21
Gasto computable ano 2024	7.833.640,27 €

As taxas de referencia a efectos do cumprimento da regra de gasto será 3,2% para o 2025 e 3,3% para o 2026.

Polo que o límite do gasto computable para o 2025 tendo en conta que a taxa de referencia do PIB é do 3,2% para ese exercicio e que debemos partir do gasto computable axustado para o ano 2024, calculado na liquidación de 2024 e reflectido no cadro anterior, esta contía ascende a 8.084.316,75 euros

LÍMITE GASTO COMPUTABLE 2025 = 8.084.316,75 euros

Estimación Créditos liquidación orzamento 2025 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	9.808.343,40
Estimación Gastos financiados con fondos finalistas	- 1.757.138,91
Gastos pendientes de aplicar	21.223,21
Estimación Gasto computable ano 2025	8.072.427,70 €

A estimación de gastos finalistas, obténse como media dos sous derradeiros exercicios

No 2023: 1.442.153,65 euros

No 2024: 2.072.124,16 euros

Diferencia entre o límite da regra de gasto e o gasto computable estimado na liquidación de 2025 ascendería a contía de 11.889,05 euros.

Polo que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto na liquidación do exercicio de 2025.

EXERCICIO 2026

Seguindo a liña do establecido no presente PEF, o límite de gasto computable para o exercicio 2026 ascendería o seguinte importe:

Estimación límite gasto computable 2026: 8.072.427,70 euros (estimación gasto computable 2025) * 3,3% (taxa de referencia do PIB para o 2026) = 8.338.817,81 euros

Non se efectúan axustes SEC para o 2026, dada a enorme dificultade para o cálculo dos mesmos, tanto no momento da aprobación do orzamento 2026 como ó longo da execución do mesmo, gardarásese a máxima cautela para que ó final do mesmo, se constate o cumprimento deste principio.

Estimando un orzamento para o 2026, no que se incrementa un 4% os gastos de persoal e mantendo o resto de gastos igual:

Capítulo	Denominación	Créditos iniciais (€)
1	Gastos de persoal	2.641.377,93
2	Gastos en bens correntes e servizos	5.269.129,11
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	346.018,96
6	Inversións reais	1.236.817,79
7	Transferencias de capital	0,00
EMPREGOS	CAPÍTULOS 1 A 7	9.493.343,79

Capítulo	Denominación	Previsións iniciais (€)
1	Impostos directos	3.860.093,89
2	Impostos indirectos	100.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.701.064,31
4	Transferencias correntes	3.175.072,82
5	Ingresos patrimoniais	212.074,96
7	Transferencias de capital	545.037,81
RECURSOS	CAPÍTULOS 1 A 7	9.493.343,79

Supoñendo unha execución do 100% do orzamento, tanto en ingresos como en gastos estaríamos en equilibrio en termos de contabilidade nacional, polo que se cumpriría o obxectivo de estabilidade orzamentaria no exercicio de 2026

Con respecto á regra de gasto, considerando un 75% dos gastos financiados con fondos finalistas do exercicio anterior, facendo unha actuación prudente, tendo en conta que isto depende de outras Administracións Públicas, obteríamos o seguinte:

Estimación Créditos liquidación orzamento 2026 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	9.493.343,79
Estimación Gastos financiados con fondos finalistas	-1.317.854,18
Estimación Gasto computable ano 2026	8.175.489,61 €

Polo que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto para o exercicio 2026.

7) MEDIDAS DO PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2025-2026

Debido ás causas que produciron o incumprimento da estabilidade e da regra de gasto na liquidación do exercicio de 2024, analizadas ó longo do presente PEF, non se precisa de medida correctora algunha, tendo este Plan unha natureza explicativa pero non correctiva, xa que as causas do incumprimento non veñen dadas por unha situación de déficit estrutural, senón polo emprego do remanente de tesourería empregado para financiar a incorporación de remanentes por gastos penden-tes de executar en exercicios anteriores, polo que tendo en conta o límite de gasto computable para o 2025 e as previsións manifestadas nos apartados anteriores, sen necesidade de medida estrutural algunha, poderíase corrixir a situación.

A pesar disto, esta situación implicará un control e unha vixilancia durante o periodo de vixencia do PEF, sobre a execución do orzamento, comprobando que vai na liña das previsións que levan ó cumprimento das magnitudes, actuación que se realizará co seguimento a través da plataforma da Oficina Virtual de Entidades Locales.

Este control deberá facerse especialmente nas modificacións orzamentarias que se financien con remanente de tesoure-ría para gastos xerais

8) CONCLUSIÓNS

Analizada a situación económica do Concello de Bergondo, pódese afirmar que a Entidade conta cunha boa situación financeira, Concello saneado e con magnitudes orzamentarias positivas, polo que a xestión dos orzamentos actual e futuros, deberá ter en conta, sobre todo no momento de iniciar a tramitación de expedientes de modificación orzamentaria, que as obrigas que se recoñezan deberán ser compatibles cos límites de gasto non financeiro determinados mediante a aplicación da regra de gasto e asegurar o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

Bergondo, na data da sinatura dixital

A alcaldesa

Asdo. Alejandra Pérez Máquez"

Tamén, para os efectos meramente informativos, una copia do plan económico financeiro permanecerá a disposición do público, desde a súa aprobación polo Pleno da Corporación, ata a finalización da vixencia do propio plan. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello.

Bergondo, 31 de marzo de 2025

A alcaldesa

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

2025/2025